

MÚSICA

Xabier Díaz

NO PAZO DA CULTURA

TEATRO

Jamming

IMPROVISACIÓN NO JOFRE

Patóix

NO TEATRO JOFRE

Martín Varela

Os días 12 e 13 de decembro o ilusionista Martín Varela regresa ao teatro Jofre para estrear a súa nova proposta escénica, “Reinventio”. No seu quinto espectáculo de gran formato, “que implica a medio cento de persoas”, o ferrolán vai un paso máis alá na mestura de maxia, circo e danza que tan bos resultados lle dera co anterior “Inventio”.

TEXTO: Nicolás Vidal | **FOTO:** Vanessa Rábade

Aí. Estreas unha vez máis no teatro Jofre o teu novo espectáculo “Reinventio” co que visitarás as principais cidades galegas.

MV. Así é, comezamos no Jofre porque sempre me sinto cómodo neste teatro, na miña casa e na que sempre nos tratan moi ben. Logo seguimos por Vigo, Ourense e o resto das grandes cidades ata rematar o 17 de xaneiro en Santiago.

Aí. Como é este espectáculo de ilusionismo e outras disciplinas e que ten que ver co anterior, “Inventio”?

MV. Ambos son propostas de gran formato, o quinto xa que fago deste tipo, no que se poden mover da orde de medio cento de persoas. Mestúranse maxia, danza e circo pero creo que agora imos máis alá. “En Inventio tratábase sobre o Camiño de Santiago, un camiño exterior. Neste o camiño é interior. Parte da historia dun mago que perde a ilusión e trata de recuperala mirando dentro dos seus soños e pesadelos.

Aí. E canto tempo de preparación

leva “Reinventio”?

MV. Pois se “Inventio” o rematamos en xaneiro de 2023, desde entón levo argallando este espectáculo na cabeza.

Aí. E o teu equipo que papel xoga?

MV. É un luxo contar cun corpo de baile coas bailarinas galegas Julia Méndez, Laura Pan Meirama, Cris Amor, Fernando Rois e o venezolano Anthony Brenner, ou no apartado de circo cos ucráinos Andrii Malyna e Anastasiia Kupriyashenko e a suíza Miliena Blatter. Quero destacar o labor da coreógrafa Mercedes Suárez e do iluminador Alberto Casas que ademais sempre tiran por min para potenciar os elementos de maxia en todo o que se poida.

Aí. Levas desde os 11 anos na maxia e agora tes 29. Canto de biográfico hai na historia de “Reinventio”?

MV. Moito, porque con tanto tempo traballando no ilusionismo pasas etapas difíciles para sacar adiante os espectáculos, pero sempre a

ilusión é a gasolina que nos impulsa. A maiores, recordo de neno pasar cos meus pais pola Gándara para ver os circos que viñan á cidade, e as clases de ximnasia en Narón, con ballet incluído, e por suposto a maxia que comecei a facer aos 9 anos. Pois ben, de todo isto componse “Reinventio”, que terá algunha novidade, por certo, como o de atreverme eu mesmo a bailar.

Aí. Cal é o efecto clave que un mago ou ilusionista busca facer co seu público?

MV. Un concepto que se chama de suspensión da incredulidade, un pacto que fan os espectadores no teatro e no cine para buscar a sorpresa e a emoción. Máis alá do método, esa viaxe psicolóxica ou xogo creo que calquera mago trata de conseguilo do seu público.

Aí. Sendo tan novo e levando xa 18 anos de traxectoria que é o que ves cando miras cara atrás?

MV. Un camiño sinuoso que non sabes a onde te vai levar. Neste sentido a miña etapa de formación na universidade foi clave. Fixen Historia da



“NA SOCIEDADE DA IA O PÚBLICO NECESITA PERSOAS SOBRE OS ESCENARIOS”

Parsons, etc., e desfrutar moito en montar os seus espectáculos. Síntome un privilexiado.

AÍ. E o contacto con esta xente sérveche para os teus propios traballos?

MV. Moito. Hai pouco tiven unha conversa estupenda co músico arxentino Gustavo Santaolalla, prestixioso compositor de bandas sonoras e gañador dun par de Oscars, acerca da relación da maxia nos seus concertos. E un sempre ten que aprender de xente así para os seus propios traballos.

AÍ. Diante e detrás dos escenarios, notas a necesidade do directo por parte do público?

MV. Sen dúbida, e estase a dar un efecto péndulo. Vivimos na sociedade da intelixencia artificial, da hiperconexión dixital e das pantallas, pero polo mesmo na música, na danza e no teatro o público necesita ver a seres humanos actuando, e ese é un gran valor.

AÍ. Segues absorbendo inspiración de todo canto ves?

MV. Por suposto, desde xogos, arte ou museos ata, como dixer nunha das miñas primeiras entrevistas cando comezaba neste mundo, Lady Gaga ou Juan Tamariz.

Arte e abriume portas tanto no mundo da arte como no da xestión cultural, que é ao que me dedico agora.

AÍ. Pero a maxia é sempre unha parte do teu traballo.


MV. A min gustábame a maxia de grandes espectáculos e levala adiante profesionalmente é moi complicado, así que

prefiro elaborar traballos concretos neste formato, con outra loxística que me enchen, como “Reinventio”. Logo, estou doutro lado na compañía Thinking Up Events, onde me permite traballar con artistas variados como Milladoiro, Amancio Prada, Abraham Cupeiro ou Jehtro Tull, Allan



Ferrol
CULTURA

PROGRAMACIÓN **20** **DECEMBRO** **25**



4
DEC

Domenico Codiscopi e Esteban Ocaña
Sociedad Filarmónica Ferrolana
Jofre | 20.30h | 16€ (socios 5€)
Clásica



5
DEC

As alumnas
Culturactiva Producións
Jofre | 20.30h | 5€
Teatro



6
DEC

Pablo Lesuit
Camino de las Rocas
Jofre | 20.30h | 8€
Rock(&)Ferrol




7
DEC

Böj
Hora Zulú
Jofre | 19.00h | Desde 8€
Anima Mundi



11
DEC

Andhrea & The Black Cats
Torrente | 20.30h | Desde 8€
Os Xoves da Capela



12/13
DEC

Reinventio
Jofre - 12 DEC- **Estrea** 20.00h
13 DEC- 18.00 e 20.30h
Familiar



18
DEC

Orquestra Sinfónica de Galicia
Sociedad Filarmónica Ferrolana
Auditorio | 20.30h | 16€ (socios 5€)
Clásica



19
DEC

Música para Hitler: la historia de Pau Casals
Carlos Hipólito, Kiti Mánver, Dani Muriel
y Marta Velilla
Jofre | 20.30h | Desde 10€
Teatro



20
DEC

Joshua Kenneth
Degustación de Imposibles
Jofre | 20.30h | 5€
Familiar



21
DEC

Carlos Núñez
30º aniversario A Irmandade das Estrelas
Jofre | 19.00h | Desde 19€
Anima Mundi



27
DEC

Patáx
Jofre | 20.30h | Desde 6€
Rock(&)Ferrol



28
DEC

Jamming Sessions
Jamming
Jofre | 19.00h | Desde 5€
Ciclo Humor

Entradas e información
actualizada en:
www.ferrolcultura.gal



04 martes

20.30 H

LE GRAND TANGO

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)

16 €

PROXECTO MUSICAL DOS PIANISTAS DOMENICO CODISPOTI E ESTEBAN OCAÑA ARREDOR DA OBRA DO COMPOSITOR ARXENTINO ASTOR PIAZZOLLA.

Le Grand Tango ofrece un percorrido polas diferentes linguaxes piazzollianas: desde o seu lado máis popular e tanguero ata o Piazzolla que se achega aos escenarios clásicos cunha escrita modernista, transgresora e profundamente persoal.

05 venres

20.30 H

AS ALUMNAS

Teatro

TEATRO JOFRE (FERROL)

5 €



OBRA QUE RECUPERA A FIGURA DA PEDAGOGA MARÍA BARBEITO PARA DENUNCIAR O RETROCESO EDUCATIVO IMPOSTO POLO FRANQUISMO.

As Alumnas, peza escrita por Paula Carballeira e dirixida por Fina Calleja, aborda como o franquismo supuxo un profundo retroceso no sistema educativo, especialmente para as mulleres, desmantelando os avances pedagóxicos impulsados durante a República.

As actrices Mónica Camaño e Anabell Gago métese na pel de dúas alumnas que se reencontran co pensamento e co legado da súa mestra.

5/6 venres/sábado 20.30/20.00 H

MANUAL DE PATRONAXE

Teatro

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

9,50 €



TEATRO DO NOROESTE ESTREA EN NARÓN UNHA OBRA QUE AFONDA NA MEMORIA E NA IDENTIDADE FEMININA. PREMIO ABRENTE NA MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE RIBADAVIA.

Clara Gayo dirixe ás actrices Iolanda Muíños, Susana Sampedro e Raquel Espada en *Manual de patronaxe*, a última produción de Teatro do Noroeste baseada no texto homónimo de Nerea Brey, galardoado co Premio Abrente de Textos Teatrais da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia (MIT) en 2023.

A peza, unha obra de autoficción, está protagonizada por unha escritora que sofre unha crise creativa e persoal e que emprende unha viaxe íntima en busca da súa identidade como muller e como creadora, un percorrido no que os recordos da infancia cobran especial relevancia. A figura da súa avoa, modista de oficio, emerxe como un referente feminista decisivo, converténdose no fío que cose memoria e presente.

Manual de patronaxe preséntase como unha homenaxe ás coidadoras e ás avoas, unha reivindicación dos pequenos xestos que, malia pasaren desapercibidos, conforman «as puntadas que bordaron a nosa vida».

06 **sábado**

20.30 H

PABLO LESUIT

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)

8 €



O MÚSICO E PRODUTOR GALEGO PRESENTA CAMINO DE LAS ROCAS, MERGULLÁNDOSE NO ESPÍRITO DO ROCK DOS SESENTA E MESTURANDO ELEMENTOS DA TRADICIÓN GALEGA CON RITMOS DA MÚSICA MÁIS ACTUAL.

Pablo Lesuit atópase inmerso en plena xira do seu último proxecto, co que promete un concerto vibrante, cargado de matices e de renovadas apostas musicais. Profundamente conectado coa escena independente iberoamericana, o músico vigués ten ás súas costas unha traxectoria artística que o levou a tocar en salas e importantes festivais de España, Uruguai, Arxentina, Colombia ou México. Cunha presenza crecente tanto en España como en América Latina, Lesuit ten colaborado con artistas do talle de Jorge Drexler ou Jenny And The Mexicats.

11 **xoves**

18.30 H

CONTOS DEBUXADOS

Infantil

CASA DA CULTURA (FENE)

DE BALDE

ESPECTÁCULO ESCÉNICO PARTICIPATIVO NO QUE CAXOTO E MARC TAEGER MESTURAN ILUSTRACIÓN E NARRACIÓN ORAL.

Contos debuxados, *debuxos contados* é unha atractiva proposta que une a arte do ilustrador Marc Taeger coa ironía e a voz de Caxoto, coñecido contador de contos. Ambos os dous dan vida a un experimento creativo que desembocará en situacións esperpénticas con personaxes inesquecibles nunha contorna de creatividade desbordada.

11 **xoves**

20.30 H

ANDHREA AND THE BLACK CATS

Música

C.C. TORRENTE BALLESTER (FERROL)



A BANDA PRESENTA NEW ROADS, REINTERPRETANDO O BLUES TRADICIONAL.

Gañadores do VII Concurso da Societat de Blues de Barcelona, andhrea and The Black Cats, traen a Ferrol a presentación do seu primeiro álbum de estudo.

07 **domingo**

19.00 H

BÖJ

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)

A BANDA PRESENTA O SEU ÚLTIMO DISCO, HORA ZULÚ, CO QUE FESTEXA MÁIS DE VINTE ANOS DE TRAXECTORIA.

En *Hora Zulú*, Böj propón un percorrido sonoro que une melodías do norte de Europa, ritmos africanos e a identidade musical galega que os caracteriza. O disco inclúe 11 pezas: oito composicións propias, dúas versións de temas tradicionais galegos e unha remezcla dub.

12 venres

18.30 H

CASTELAO. UN CORAZÓN Á INTEMPERIE

Infantil

CASA DA CULTURA (FENE)

DE BALDE



PROPOSTA ESCÉNICA COA QUE A COMPAÑÍA FANTOCHES BAJ ACHEGA AOS NENOS A FIGURA DE CASTELAO A TRAVÉS DE MARIONETAS.

Castelao. *Un corazón á intemperie*, obra recomendada a nenos a partir dos seis anos, percorre episodios relevantes da vida e da obra do autor rianxeiro, sempre a través dunha linguaxe sinxela e próxima. Mesturando narración oral, monicreques, música tradicional e teatro de máscaras, Fantoques Baj leva a escena contos de Cousas, narracións de Retrincos; escenas de *Os vellos non deben namorarse* e o monólogo do esqueleto en *Un ollo de vidro*.

12/13 venres/sábado

Á LUZ DAS CANDEAS

Infantil

AFUNDACIÓN (FERROL)

SIGFRIDO CECCHINI OFRECERÁ CINCO CONCERTOS DE TEMAS DIFERENTES DURANTE O NADAL.

Proxecto de cinco concertos a cargo do pianista italiano: un sobre a música de Disney, outro dedicado ao espírito do Nadal; e tres máis que homenaxean a grupos de pop e rock. Todo isto baixo a luz das candeas. (Consultar axenda, páxs. 22-23).

13 sábado

20.00 H

REINVENTIO

Música

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

12 €



Vanessa Rábade

ESTREA ABSOLUTA DO ÚLTIMO ESPECTÁCULO DO MAGO MARTÍN VARELA NO QUE CONVIVEN A COMEDIA E O DRAMA, A DANZA O ILUSIONISMO E AS ARTES CIRCENSES.

Levitacións, acrobacias, malabares, números aéreos, treboadas de neve e torres de vento, pezas interactivas e videoproxeccións son só algúns dos elementos que conforman *Reinventio*: Na procura da luz, a última creación do mago Martín Varela. Nela, o artista debuxa un percorrido emocional que afonda na nosa capacidade de experimentar e que, ao tempo, tenta recuperar a identidade cultural mediante un relato de exploración e reencontros.

Martín Varela – director de artístico de *Reinventio* e un dos principais representantes da nova maxia galega– volve presentar no teatro Jofre un espectáculo de gran formato, igual que o fixo con *Inventio*. Con ecos do cine futurista de Stanley Kubrick, Ridley Scott ou Denis Villeneuve, *Reinventio: na procura da luz* combina unha posta en escena esteticamente coidada e de forte impacto visual, cun ritmo narrativo veloz. O resultado é unha viaxe na que se redefinirán os límites da imaxinación.

13 sábado

20.00 H

AXÚDAME A SENTIR

Música

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

12 €



XABIER DÍAZ VOLVE AOS ESCENARIOS CUN ESPECTÁCULO CO QUE FAI UN CHAMAMENTO A RECUPERAR O CONTACTO CO SENTIR NUN MUNDO MARCADO POLA PRÉSA E O RUÍDO.

Axúdame a sentir, que dá nome tamén ao cuarto álbum do músico galego xunto a Adufeiras de Salitre, chegou en 2024 como unha obra íntima e ao tempo profundamente colectiva. «Nada hai máis necesario que sentir e tampouco hai momento máis acaído para perseguir ese verbo que os tempos nos que vivimos: as humanidades esvaécense ao tempo que medra o binomio virtual-máquina...». Así presenta Xavier Díaz este concerto, como algo único e irrepetible: extínguese ao pechar o pano, mais á súa vez, é unha chama que prende e segue queitando o noso peito durante moito tempo.

13 sábado

18.30 H

PAKOLAS E AS TRIPULANTES

Infantil

CCRD DE PERLÍO (FENE)

DE BALDE



ESPECTÁCULO MUSICAL E NARRATIVO QUE COMBINA MÚSICA, VOZ, GUITARRA ELÉCTRICA, BATERÍA E BAIXO.

Inspirado no libro *A Ramona pequena va á Lúa*, o concerto convértese nunha aventura didáctica e rockeira desbordante de imaxinación, aprendizaxe e humor.

Nadalen en Fene

12

DECEMBRO

CASTELAO. UN CORAZÓN Á INTEMPERIE-FANTOCHES BAJ

18:30 horas

Casa da Cultura

18

DECEMBRO

CATRO. DANZA PARA BEBÉS / CARAMUXO TEATRO

18:30 horas

Casa da Cultura

18 xoves 20.00 H

MICHAEL JACKSON HAPPY DAYS

Música

PAZO DA CULTURA (NARÓN) 14 €



PROPOSTA MUSICAL QUE COMBINA OS GRANDES ÉXITOS DE MICHAEL JACKSON CON CLÁSICOS DO GÓSPEL, INTERPRETADOS POR SOUTH CAROLINA GOSPEL CHOIR.

Michael Jackson Happy Days é un espectáculo que versiona en clave góspel e soul algúns dos éxitos máis emblemáticos do «Rei do Pop». Interpretado polo coro South Carolina Gospel Choir baixo a dirección de Michael Brown, a montaxe aposta por un diálogo vibrante entre dous universos musicais: por unha banda, a herdanza pop de temas como «Thriller», «Beat It» ou «You Are Not Alone»; e, pola outra, o estilo espiritual do góspel afroamericano, representado por himnos eternos como «Oh Happy Day» ou «Amazing Grace». O resultado é un espectáculo cheo de forza rítmica, capaz de transformar cancións universais de estilos aparentemente afastados nun todo musicalmente vibrante.

19 venres 20.30 H

MÚSICA PARA HITLER

Teatro

TEATRO JOFRE (FERROL)

10 €



CARLOS HIPÓLITO, KITI MÁNVER, CRISTÓBAL SUÁREZ E MARTA VELILLA INTERPRETAN ESTA OBRA COA QUE OS TEATROS DO CANAL RECREA A INVITACIÓN QUE O VIOLONCELISTA PAU CASALS RECIBIU DO DITADOR ALEMÁN PARA TOCAR ANTE EL.

Durante a Segunda Guerra Mundial, na Francia ocupada polos nazis, o célebre violonchelista español Pau Casals, exiliado no país, recibiu unha invitación para tocar diante do ditador alemán. *Música para Hitler*, escrita por Juan Carlos Rubio e Yolanda García Serrano, recolle ese instante crítico e expón o conflito íntimo do músico, consciente de que negarse podería ter consecuencias terribles. A obra parte dun feito real e amplía, desde a ficción, a carga persoal e histórica daqueles momentos.

18 xoves 18.30 H

CATRO

Infantil

CASA DA CULTURA (FENE)

DE BALDE

CARAMUXO TEATRO INTERPRETA ESTA PEZA DE DANZA E TEATRO PARA A PRIMEIRA INFANCIA QUE EXPLORA A VIDA A TRAVÉS DO VISUAL, DO SON E DO MOVIMENTO.

Catro propón unha experimentación arredor dun número que se repite na nosa vida cotiá. Trátase dunha peza visual que explora formas, sons e texturas, empregando a danza como linguaxe e como vía de descubrimento.

20 sábado

20.30 H

JOSHUA KENNETH

Maxia

TEATRO JOFRE (FERROL)

5 €



FILLO DE GALEGA E INGLÉS, NACEU NA CORUÑA HAI 30 ANOS. A SÚA PAIXÓN POLA MAXIA COMEZOU AOS 21 ANOS. FOI PARTE DA PRIMEIRA PROMOCIÓN DO ÚNICO GRAO UNIVERSITARIO EN ILUSIONISMO DO MUNDO.

“Degustación de imposibles” é o título do espectáculo deste mago novo, que xa gozou de aparicións televisivas en Got Talent España e no famoso programa americano “Fool Us” de Penn and Teller en Las Vegas (USA). Nos últimos anos a maxia de Kenneth foi galaradoada en importantes competicións de Portugal, España, Bulgaria e Italia, levándose a casa o premio FISM Europeo en Turín como segundo mellor mago de toda Europa na categoría de maxia de salón.

20 sábado

18.00 H

OHANA, O MUSICAL DE LILO E STICH

Musical

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

16 €



ESPECTÁCULO MUSICAL FAMILIAR CON VOCES EN DIRECTO E CANCIÓNS ORIXINAIS.

O experimento 626, creado polo Doutor Jumba co obxectivo de xerar destrución, escapa e aterra en Hawai. Alí coñece a Lilo, unha nena solitaria que o chama Stich. Mentres Jumba e Pleakley tentan capturalo, Stich aprenderá o verdadeiro significado das palabras “amizade” e “familia”.

Tu tienda de música en **FERROL**



C/ Magdalena, 31 Bajo
 15402 **FERROL** - A Coruña
 Tels.: **981 074 644 - 698 179 453**
 e-mail: info@clefmusic.es

www.clefmusic.es

21 domingo

19.00 H

CARLOS NÚÑEZ

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)

29 €



Xavier Mercadé

O GAITEIRO VIGUÉS CELEBRA O 30 ANIVERSARIO DE “A IRMANDADE DÁS ESTRELAS”, O DISCO QUE REVOLUCIONOU A MÚSICA CELTA E DESCUBRIU SORPRENDENTES CONEXIÓNS.

Carlos Núñez está considerado internacionalmente como un músico extraordinario. Cando en 1996 publicou A irmandade das estrelas, o seu primeiro álbum en solitario, xa era un artista recoñecido en todo o mundo. O disco vendeu máis de 100.000 exemplares en España e significou a maioría de idade da world music no noso país. Na irmandade das estrelas colaboraban máis de 50 músicos, entre eles The Chieftains, Ry Cooder, Luz Casal e Dulce Pontes.

23 martes

20.00 H

CONTOS PARA CONTAR CARTOS

Teatro

A. VV. MAGALOFES (FENE)

DE BALDE



OS CONTOS QUE FALAN DOS CARTOS, EN REALIDADE FALAN DE COMO SOMOS E DE QUE NOS IMPORTA.

Os cartos andan nas mans de todo o mundo (máis ou menos!), témolos todo o mundo na cabeza (tamén máis ou menos) pero... case non os tocamos! Avelino González presenta este monólogo sobre os cartos e a nosa relación con eles.

edicións embora

Manolo González

O cineísta andarengo

A propósito de Bernardino de Lamas



27 sábado

20.30 H

PATÁX

Música

TEATRO JOFRE (FERROL)

10 €



PATÁX É A BANDA DE FUSIÓN MÁIS PROMINENTE DE ESPAÑA, UN PROXECTO COÑECIDO EN TODO O MUNDO. CON MÁIS DE 24 MILLÓNS DE VISITAS EN YOUTUBE.

Bebendo do legado de lendas do Jazz como Weather Report, Chick Corea e Herbie Hancock, e sen esconder a poderosa influencia das visionarias propostas de Irakere, Wayne Shorter, Miles Davis, Enrique Morente e Paco de Lucía, Patáx leva o concepto “fusión” ata un territorio completamente inexplorado, onde a comunicación entre o flamenco, o funk, o jazz e os ritmos afrocubanos é a clave das súas complexas e explosivas atmosferas. O percusionista Jorge Pérez, formado en España e Cuba e graduado no Berklee College of Music de Boston dirixe unha bana de oito enormes músicos e compón para eles. É un home tras unha idea: un novo concepto que no que cohabitan estilos inconexos, con plena consciencia das súas respectivas raíces e identidades desde unha perspectiva contemporánea.

28 domingo

19.00 H

JAMMING

Teatro

TEATRO JOFRE (FERROL)

15 €

TEATRO DE CREACIÓN AO INSTANTE, IMPROVISACIÓNS, SUXESTIÓNS DO PÚBLICO E SORPRESAS COMO MÚSICA EN DIRECTO OU ARTISTAS CONVIDADOS .

A risa está asegurada nesta experiencia teatral que desafia a creatividade e o enxeño de intérpretes e público. Os seus creadores aseguran que é moito máis que improvisación: “unha filosofía de vida”.

29 luns

20.30 H

GALICIAN MAGIC FEST

Maxia

PAZO DA CULTURA (NARÓN)

24 €

TRES MAGOS DA ESCENA INTERNACIONAL E UN GALEGO OFRECEN O MELLOR DO SEU REPERTORIO, QUE REÚNE DIVERSAS FORMAS DE MAXIA E ILUSIONISMO, TODAS FASCINANTES.

Juliana Chen Stuart MacDonald, dos Estados Unidos, é unha auténtica lenda, indiscutiblemente a mellor maga do mundo na especialidade de manipulación e a primeira muller en gañar un premio mundial de maxia. O arxentino Mirko Callaci é un comunicador excepcional e un mestre da ilusión global. Con eles dous actuará Magus Utopía unha troupe de doce artistas neerlandeses liderados por Marcel Kalisvaart, un ilusionista de fantasía e visionario coreógrafo. Magus Utopía fusionan o ilusionismo coa danza, a acrobacia e unha estética escura e cinematográfica. O ilusionista galego Pedro Volta, un referente internacional, estará tamén no escenario de Narón. A carreira de Pedro Volta é un testemuño da súa dedicación e talento, con logros que abarcan desde a dirección artística de grandes producións ata a asesoría de televisión.

PROGRAMACIÓN
2025

ven
pazo

DECEMBRO

V **05** 20.30 HORAS

S **06** 20.00 HORAS

TEATRO CONTEMPORÁNEO
TEATRO DO NOROESTE

MANUAL DE PATRONAXE

V **12** 19.30 HORAS

DANZA
ESCOLA DE DANZA AMEI

AMEI GALA DE NADAL

S **13** 20.00 HORAS

MÚSICA FOLK
XABIER DÍAZ

AXÚDAME A SENTIR

D **14** 18.00 HORAS

DANZA CLÁSICA
COMPARTE DANZA

EL CASCANUECES

X **18** 20.00 HORAS

MÚSICA GOSPEL
THE SOUTH CAROLINA GOSPEL CHORALE

MICHAEL JACKSON HAPPY DAYS

S **20** 18.00 HORAS

INFANTIL
VOL. MUSIC EVENTS

OHANA: ¡EL MUSICAL ORIGINAL DE LILO Y STICH!

S **27** 19.30 HORAS

MÚSICA
ASOCIACIÓN CULTURAL MUSICAL SEMENTEIRA

CONCERTO DE FIN DE AÑO

L **29** 20.30 HORAS

ILUSIONISMO
NEBOA EVENTS S.L.

GALICIAN MAGIC FEST



**PAZO DA
CULTURA**
Concello de Narón

ESTREA DESTACADA: 5 DE DECEMBRO



Joachim Trier

Hai quen di que Sentimental Value é un filme especialmente persoal para ti. Estás de acordo?

Esquil Vogt e eu sempre escribimos desde nós mesmos, e estes temas complexos relacionados coa familia son cousas coas que a maioría podemos identificarnos. Máis que ser persoal –de feito, empezamos con dúas irmás–, o obxectivo non é outro que establecer un ton que resulte veraz nun escenario que me é familiar. Esta familia en concreto non atravesará un bo momento ao principio, con conflitos sen resolver entre un pai egocéntrico e ausente e unha filla chea de resentimento. Con todo, os protagonistas avanzan a medida que o filme progresa. Cando nos despedimos deles ao final, aínda hai algún que outro aspecto que limar, pero tamén hai unha oportunidade. Creo nesa oportunidade, ou polo menos

quero crer nela, como un elemento bastante auténtico que os espectadores poden levar consigo.

O pai é sueco e interpréao Stellan Skarsgård, quen, por casualidade, traballou con Bergman no seu día, e mesmo interpretou a Strindberg. Que che levou a elixir a este actor en concreto?

É moi sinxelo: cheguei a un punto afortunado da miña carreira no que podo permitirme traballar con actores de certo calibre, e vaia calibre... nesa lista, Stellan está no máis alto. O mesmo ocorre con persoas como Lena Endre ou Jesper Christensen, con quen é un auténtico pracer traballar. **“A tenrura é o novo punk” ten moitas posibilidades de converterse na frase máis lembrada da túa rolda de prensa en Cannes.**

Veño dunha época radical, e sen dúbida tiven un lado radical. Hoxe teño 50 anos e dous fillos pequenos, e o mundo está sumido na tensión e o malestar. Dá a

sensación de que estamos listos para a tenrura e a reconciliación. Iso si, non sen algo de forza. A música que eliximos para a banda sonora é sobre todo soul, con artistas como Terry Callier e Pieces of a Man, de Gil Scott-Heron. Cando escoita esa canción, os sons tranquilízanlle, pero debaixo hai algo moi substancial e político que se expresa, o cal é un pouco como a miña forma de ser.

Cando estreaches La peor persona del mundo, comentaches que tiñas en mente facer unha triloxía en catro partes. É Sentimental Value esa cuarta parte?

Ah, si, grazas por lembrarmo! Non vexo exactamente Sentimental Value como a cuarta parte, porque aquí o foco está máis en na casa. Pero xa veremos. Primeiro, este filme está a darse a coñecer ao mundo, e teño moitas ganas de velo. Logo sentareime a pensar onde estou, que seguramente será Oslo, de feito.

Jan Lumholdt para Cineuropa (extracto)

05 DECEMBRO

VALOR SENTIMENTAL

Joachim Trier

2025 | NORUEGA | 135' | NORUEGUÉS | +12



As irmás Nora e Agnes reencóntranse co seu pai, un prestixioso director que está a traballar nun filme sobre a súa familia.

Cando Nora, actriz de teatro, rexeita o papel principal, este vai parar a unha nova actriz de Hollywood. As irmás deberán lidar cunha estrela estadounidense que se atopa no medio da súa complexa dinámica familiar.

Cannes 2025 (Gran Premio do Xurado)

“Trier e Renate Reinsve volven namorar nun drama bergmaníán sobre as relacións paterno filiais” *El Mundo*

GOLPES

Rafael Cobos

2025 | ESPAÑA | 102' | ESPAÑOL | +16



Migueli é un delincuente que sae de prisión na cambiante España de inicios dos 80. Quere mirar ao futuro, pero, antes, terá que selar feridas do pasado. Para iso necesita moito diñeiro e necesítalo rápido. En canto chega a Sevilla reúne á súa antiga banda, e dan varios paus seguidos: sucursais bancarias, xoierías... e mesmo o primeiro casino da zona. Non van telo fácil: a policía encargou o caso ao seu propio irmán, Sabino, que

coñece moi ben como pensan. Pero Migueli non se deterá. Está disposto a chegar até o final.

SEMINCI 2025 (candidata a Mellor Filme)

12 DECEMBRO

KONTINENTAL'25

Radu Jude

2025 | RUMANÍA | 109' | RUMANO | +16



Orsolya é alguacila na cidade de Cluj, en Transilvania. Fiel ao seu cargo, debe executar o desafiuzamento dun home sen teito que vive no soto dun edificio do centro destinado a converterse nun hotel de luxo. Un suceso inesperado confróntaa coas súas propias contradicións, desencadeando nela unha profunda crise moral.

Berlinale 2025 (Mellor Guión)


“Tan trágica como gozosamente divertida” *El Mundo*

19 DECEMBRO

EL EXTRANJERO

François Ozon

2025 | FRANCIA | 120' | FRANCÉS



Alxeria, 1938. Meursault, un home asiste ao funeral da súa nai sen verter unha bágoa. Ao día seguinte, inicia unha aventura cunha compañeira de traballo, e volve á rutina. A súa vida vese alterada polo seu veciño, Raymond Sintès, que o involucra nos seus escuros asuntos. Nunha praia

deserta, un encontro fortuíto desencadea un trágico...

Venecia 2025 (Sección Oficial)

“François Ozon logra a perfección cunha sublime adaptación da lendaria novela de Albert Camus” *Cineuropa*

VIDA PRIVADA

Rebecca Zlotowski

2025 | FRANCIA | 103' | FRANCÉS |



A reputada psiquiatra Lilian Steiner emprende unha investigación privada sobre a morte dun dos seus pacientes, do que está convencida que foi asasinado.

“Un pracer ver a Foster exercitando as súas dotes cómicas” *The Hollywood Reporter*

25 DECEMBRO

FATHER, MOTHER, SISTER, BROTHER

Jim Jarmusch

2025 | EUA | 110' | INGLÉS



Drama dividido en tres actos ao redor do mesmo feito: o reencontro dos membros dunha familia. Uns irmáns xa adultos volven xuntarse despois de anos sen verse, forzados a enfrontar as cuestións non resoltas e a tensa relación cuns pais emocionalmente distantes.

Venecia 2025 (León de Ouro)

“Obra mestra. O amor de Jarmusch agroma e cristaliza nunha peza increíble” *Collider*

ARIEL

Lois Patiño

2025 | ESPAÑA | 105' | ESPAÑOL | +7

Unha actriz viaxa ás Azores para actuar n'A tempestade de William



Shakespeare, pero ao chegar non encontra nin compañía nin teatro. Tras coñecer a Ariel, descobre que a obra xa comezou: a illa enteira é un teatro e os seus habitantes son personaxes.

International Film Festival Rotterdam

"Unha aproximación lateral, lúdica e dramática, ao mundo de William Shakespeare" Micropsia Cine

DUPLEX presenta

PREESTREA DE ARIEL COA PRESENZA DO DIRECTOR



Despois do éxito de *Samsara* (2023), que gañou o Premio Especial do Xurado no Festival de Berlín, Lois Patiño (Vigo, 1983) achegárase a Ferrol para falarnos sobre a súa cuarta longametraxe, *Ariel*, dúas semanas antes da súa estrea.

off DUPLEX

O MELLOR CINEMA ALTERNATIVO

MAR 23 ÁS 20:00

ARO BERRIA

Iratí Gorostidi

2025 | ESPAÑA | 77' | PORTUGUÉS | +7

Donostia, 1978. Os traballadores da fábrica de contadores de auga reúnen en asemblea para debater unha folga que finalmente non prospera. Decepcionados, os máis inconformistas dirixen as súas aspiracións de transformación social cara a ámbitos máis íntimos. Algúns abandonan a fábrica e intégranse nunha comunidade illada nas



montañas, onde decenas de mozos emprenden unha intensa busca a través de experiencias catárticas compartidas.

Donostia 2025 (Mención Especial New Directors)

"Unha fascinante e vigorizante exploración do movemento alternativo que naceu no seo da loita obreira guipuzcoana dos setenta" Cineuropa

Foco Billy Wilder

Entrada gratuíta coa colaboración do Concello de Ferrol



LUN 29 ÁS 19:45

EL APARTAMENTO

1960 | EUA | 125' | INGLÉS | TP

C.C. Baxter (Jack Lemmon) é un modesto pero ambicioso empregado dunha compañía de seguros de Manhattan. Está solteiro e vive só nun discreto apartamento que presta ocasionalmente aos seus superiores para as súas citas

amorosas. Ten a esperanza de que estes favores lle sirvan para mellorar a súa posición na empresa. Porén, a situación cambia cando namora dunha ascensorista (Shirley Maclaine), que resulta ser a amante dun dos seus xefes.

"Non coñezo ningún filme tan romántico, realista, soñador, triste, mordaz, sensato, cabrón e bonito como este" El País

Petís DUPLEX

ENTRADAS AO PREZO HABITUAL

CINEMA PARA TODA A FAMILIA
NAS SESIÓNS MATINAIS DOS
SÁBADOS E DOMINGOS

DÍAS 6, 7, 13 E 14

OLIVIA Y EL TERREMOTO INVISIBLE

Irene Iborra Rizo

2025 | ESPAÑA | 70' | ESPAÑOL | TP



Olivia, o seu irmán pequeno Tim e a súa nai Ingrid son expulsados de casa e teñen que empezar de cero noutro barrio. Mentres Ingrid fai malabares para resolver

a situación, Olivia invéntase unha fantasía protectora para o seu irmán e para ela: todo o que viven non é real, están a rodar un filme. Afortunadamente, ao seu ao redor formárase unha nova e pintoresca familia coa que vivirán rocambolescas aventuras.

Anecy 2025 (Premio Fundación Gan e candidata a Mellor Longametraxe)

DÍAS 20, 21, 27 E 28

EL CHICO

Charles Chaplin

1921 | EUA | 53' | TP

Con algo de desgana, o vagabundo Charlot adopta un neno de 6



anos abandonado. Non tarda en collerlle cariño e ensinarlle algunhas técnicas esenciais de supervivencia na rúa. Porén, un día o neno enferma e os servizos sociais tratan de arrebatárllo.

“Humor, esperpento, tenrura e sentimento” El País

Tempada de ópera e ballet

MÉR 10 ÁS 20:15

EL CASCANUECES

Peter Wright

ROYAL BALLET | REINO UNIDO | 210'



Lise, a única filla da viúva Simone, está namorada de

Colas, un mozo granxeiro. Porén, a súa nai ten plans moito máis ambiciosos para ela.

MÉR 31 ÁS 17:30

CONCERTO DE FIN DE AÑO

Kirill Petrenko

FILARMÓNICA DE BERLÍN | ALEMAÑA | 120'

O Concerto de Noitevella da Filarmónica de Berlín, transmitido en directo desde a Philharmonie. Baixo a dirección de Kirill Petrenko e coa



participación do tenor francés Benjamin Bernheim, a orquestra ofrecerá un programa festivo que combina romanticismo, lirismo e modernidade con obras de Chaikovski, Gounod, Bizet, Massenet, Chabrier e Gershwin.

ENTRADAS: 15€ | 12€ PARA SOCIOS/AS DA FILARMÓNICA FERROLANA

DUPLEX Cinema

De LUNS a DOMINGO De 17:00 a 22:00
Sesións matinais sábados e domingos

Proxeccións en VOSE, agás que se sinala o contrario.

Máis información en duplexcinema.com

Travesía Moreno 3, Ferrol

info@duplexcinema.com | 981 35 60 65

Facemos parte de:





Narón énchese de ilusión para celebrar un Nadal que quere ser vivido a pé de rúa. **O inicio oficial será o venres 5 de decembro ás 19:00 horas** coa tradicional cerimonia de acendido da iluminación de Nadal na Residencia de Piñeiros. A cita **estará acompañada da música do Grupo de Cantos de Taberna e Cancións de animación dos Centros sociocomunitarios, da visita de Papá Noel e dunha chocolatada con churros aberta a toda a veciñanza.** Será o punto de partida dun mes no que Narón se reivindica como cidade viva, creativa e solidaria.



Entre as iniciativas para estas datas, **do 1 ao 22 de decembro estará operativa a campaña municipal *Merca Nadal 2025*, que**

converterá a cidade nun escaparate vivo de actividade comercial, propostas gastronómicas e decoración navideña. **A alcaldesa Marián Ferreiro pon o acento no valor desa dimensión comunitaria ao sinalar que “o Nadal é unha oportunidade para recoñecer o que temos preto: o comercio que nos coñece polo nome, a hostalería que crea comunidade e a xente que fai cidade cada día. Merca Nadal 2025 é unha invitación a vivir Narón con orgullo, apostando por quen mantén vivo o noso tecido local”.**



A campaña Merca Nadal consta de tres apartados que van dos **sorteos no comercio local, a un Certame de Decoración exterior e o programa gastronómico ‘Datas**

Saborosas'. Os pequenos comercios con local físico no municipio poden sumarse de forma voluntaria e gratuíta enviando a solicitude ao correo nadalnaron@naron.gal. Aqueles que participen entregarán papeletas aos seus clientes por compras superiores ao importe mínimo que cada establecemento determine, e todas deberán ir seladas ou acompañadas polo ticket. **Entre as persoas que realicen compras sortearanse catro cestas de Nadal** —cunha entrega sorpresa en comercios escollidos ao azar— **e tres vales de compra de 1.000, 600 e 400 euros**, que deberán empregarse en tres ou máis locais adheridos.



Para crear ambiente e atraer as familias, os establecementos tamén disporán de cartas para Papá Noel, un recurso pensado para incrementar a afluencia de público e reforzar as compras de proximidade. **A concelleira de Promoción Económica destacou que “o Nadal é un dos períodos máis fortes para o sector, e esta campaña nace para acompañar, impulsar e dar luz a todo o talento que hai nos nosos fogóns e nos pequenos negocios. Queremos que mercar e gozar en Narón sexa a primeira opción”.**



A atmosfera festiva completarase co Certame de Decoración exterior, no que comercios e locais de hostalería poderán participar exhibindo o cartel oficial da campaña e achegando unha proposta decorativa interior e exterior acorde co Nadal, sendo obrigatoria a ornamentación da fachada. Entre todas as propostas **sortearanse catro premios**: dous de 200 euros e dous de 100 euros, repartidos entre comercio e hostalería. Pola súa banda, **“Datos Saborosas” reunirá ceas especiais, menús de Nadal e opcións para levar dos locais de hostalería** que o comuniquen ao Concello, co obxectivo de

elaborar unha guía que se difundirá nas redes municipais para facilitar as reservas e dar visibilidade á creatividade culinaria local.



Ademais da dinamización comercial e gastronómica, **o Concello activa o campamento ConciliaEscola, pensado para facilitar a conciliación familiar entre o 22 de decembro e o 7 de xaneiro.** Ofrece 50 prazas, incluíndo tres reservadas para menores en situación de exclusión ou con diversidade funcional, e está dirixido a nenas e nenos nados entre 2013 e 2021, escolarizados ou empadroados en Narón con proxenitores ou titores en situación de alta laboral. O campamento desenvolverase na Escola de Domirón, en horario de 9:00 a 14:00, con opción de entrada temperá e saída flexible. As inscricións poden presentarse ata o 5 de decembro ás 13:30 no Rexistro ou na sede electrónica municipal.



O espírito solidario tamén terá un papel destacado neste Nadal. A través do Centro de Recursos Solidarios, o Concello colabora en dúas campañas: **a Operación Quilo, para a recollida de alimentos básicos e produtos de hixiene do 24 ao 28 de novembro na Casa do Concello**, con ampliación o 28 e o 29 en varios supermercados; e **a campaña “Regala Sorrisos”, centrada na doazón de xoguetes usados en bo estado do 1 ao 19 de decembro en centros educativos, Biblioteca do Alto, Escola infantil da Gándara, Centro Comercial Narón e Navantia**, ademais de doces típicos que se recollerán do 9 ao 22 de decembro en centros comunitarios. As familias poderán solicitar os xoguetes do 1 ao 19 de decembro a través do Rexistro municipal e a entrega efectuarase o 2 de xaneiro no Centro de Recursos Solidarios.



NOVELA

TERRA DE SACRIFICIO

SUSO DE TORO | EDICIÓN XERAIS | 176 PÁX. | **17,95 €**

A NOVA OBRA DE SUSO DE TORO ENCAIXA NA ETAPA DE MADUREZ DO AUTOR QUE AFONDA NAS CLAVES DA MEMORIA DE NOSO.

Neste “Terra de sacrificio” convoca a unha figura controvertible, respectada ou detestada, da Galicia da segunda metade do século XX como foi Ramón Piñeiro. Sorprende que non fora máis tratada na nosa literatura ou incluso a nivel biográfico. Aquí, de Toro lembra a última entrevista que lle fixo -a derradeira do propio Piñeiro-, e as preguntas que ficaron no aire sen a información que hoxe hai sobre o personaxe. Facendo literatura, o compostelán usa referentes do mundo tecnolóxico para traer a Piñeiro ao presente e contestar á cuestión clave: por que non se reuniu en 1946 con Castelao en París para unir o galeguismo do exterior e o do interior contra Franco? Aquí o perfil dun Piñeiro impostor e suíña contraponse ao dun Castelao como figura trágica. “Terra de sacrificio” novela ao “filósofo” de Lánacara como un razoado axuste de contas polo seu papel na configuración dunha Galicia que fixo renuncias que pagou caras. O acerto da obra é dotar á esquivo e mistificadora figura de Piñeiro de fondura fuxindo de caricaturas, amosando ao ser humano trala máscara. Unha obra que mestura con mestría ciencia ficción e drama beckettiano na análise dun home fascinado polo exercicio da aparencia e do poder.

ENSAIO

CATEDRAL DE ESCOMBROS

PEDRO TORRIJOS | DEBATE | 126 PÁX. | **12,90 €**

Tan breve como fascinante, o novo ensaio do escritor e arquitecto Pedro Torrijos é unha reflexión sobre a cobiza e a importancia da normalidade e o que nos sucede cando esta colapsa. Partindo da terrible dana de Valencia de 2024, Torrijos lembra varias catástrofes nas que a mala construción arquitectónica multiplicou o desastre. Intelixente resulta a análise da figura inefable de Jesús Gil, responsable de 58 mortos por un edificio seu en mal estado, feito polo que a sociedade apenas lle fixo pagar. A maiores de todo, un ensaio excelentemente ben escrito.


NOVELA

A LEI DO MAR

MANUEL ESTEBAN | EDICIÓN XERAIS | 112 PÁX. | **16,62 €**

Partindo dun terrible feito real, o novelista vigués Manuel Esteban fai un exercicio de estilo crítico acerca da morte de migrantes en augas do Mediterráneo. A culpa sen redención do protagonista, un veterano mariñeiro galego que lle conta a historia ao narrador, é metáfora da mala conciencia dunha Europa que apostou pola inhumanidade e a insolidariedade. O paradoxo reside nunha tripulación que busca no seu barco maldito seres aos que socorrer e que acaban mergullados nas augas pola súa culpa. Un relato tan desacougante como o mundo actual.

DELICIAS SONORAS



LOITA ARMADA **RESISTIR É VENCER**

A banda estradense presenta o seu terceiro traballo de título resiliente: “Resistir é vencer”. O sexteto liderado por Pablo Carracedo (Jásper) (A Matraka Perversa, Nao, etc.) publica un traballo de rock combativo con once pezas que mesturan desde o rock, punk, reggae ao folk ou o ska cunha poderosa sección de ventos. O disco foi gravado nos estudos Garate de Euskadi con Kaki Arkarazo (Kortatu, Negu Gorriak) á produción. Compromiso social a oito desde a inicial “A indiferenza”, un berro ante un mundo paralizado diante da masacre de Gaza e a desfeita sionista, a necesidade do activismo político en pezas como “O cambio” ou “O voto”, a intensidade de “Nada” coa colaboración de Grande Amore, así como en “A antroidada”, unha pandeirada rock a ritmo de acordeón que é a culminación do disco. Ademais de ser unha dura crítica á situación política de Galicia, conta con ilustres colaboracións como Mini Rivas, Xiana Lastra ou as Tanxugueiras. Traballo de intervención política desde un rock que bebe de varias fontes e incluso deixa ocos para a temática amorosa.



GORILA FLO **ESTADOS ALTERADOS**

O quinteto de Coslada vén de editar o seu segundo disco de longa duración, “Estados alterados”, un fado de temas inmaculados de pop rock con dúas vertentes, a irónica e a social. En ambas o son directo e vertixinoso con atención á melodía non deixa de subliñar o traballo vocal e conta coa produción de Carlos Hernández Nombela (Planetas, Viva Suecia, Triángulo de Amor Bizarro). Un total de dez pezas das que non sobra ningunha, empezando por esa oda á autenticidade que é “Carlos Boyero” adicada ao crítico cinematográfico homónimo. Na mesma liña é a estupenda “Increíble”, cun toque aos B-52’s, e nese ton irónico teñen esa crítica ao feito de que cando algo funciona nos medios, por estúpido que sexa, nolo meten polas orellas: “Masterchef”. Do lado máis social, destaquemos “Lobo feroz” ou “Kill Manolo”, mentres a medio camiño, entre o que somos e o que aparentamos, estaría “Tiene amigos gays”. De “No encajo”, cunha música contaxiosa, o título xa o di todo. Letras intelixentes e cheas de humor entregadas no envoltorio indie.



MOZART ESTATE: **TOWER BLOCK IN A JAM JAR**

O pop británico está inzado de artistas de culto, talentos que nunca acadaron o éxito merecido pero que ocupan un lugar no noso corazón melómano. Poucos á altura de Lawrence, o cerebro dunha das bandas máis respectadas dos 80 como foron Felt. O home, superadas adicións e tras diferentes proxectos, está a vivir unha segunda mocidade trala edición en 2024 da súa biografía “Superestrella de las calles. Un año con Lawrence”, de Will Hodgkinson. Baixo o nome de Mozart Estate (antes foi Go-Kart Mozart) vén de publicar este “Bloque de pisos nun frasco de marmelada” que é unha regravación con calidade do traballo “Tearing Up the Album Chart” que publicara en 2005. Aquí e agora Lawrence amosa a súa brutal capacidade para explorar as posibilidades do pop, do máis tradicional ao experimental ou “arty”. Así o fai en “Summer is here”, homenaxe en pleno outono aos Beach Boys, a simpática “Selfish & lazy & greedy”, ou temas tan redondos como “Electric rock & roll”, a maravillosa “Transgressions” ou “Donna & the dope fiends”, entre outras.

DECEMBRO

04xoves

MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

LE GRAND TANGO!



05venres

TEATRO

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

AS ALUMNAS



TEATRO

20.30 h Pazo da Cultura. Narón.

MANUAL DE PATRONAXE

06sábado

TEATRO

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

MANUAL DE PATRONAXE

MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

PABLO LESUIT



MÚSICA

22.45 h Sala La Room. Ferrol.

FERROCK

07domingo

MÚSICA

19.00 h Teatro Jofre. Ferrol.

BÖJ



10mércores

CURTAMETRAXE

20.00 h Casa da Cultura. Fene.

RATIÑA, DE ALICIA ÚBEDA

11xoves

INFANTIL

18.30 h Casa da Cultura. Fene.

CONTOS DEBUXADOS, DEBUXOS CONTADOS



MÚSICA

20.30 h Centro Cultural Torrente Ballester. Ferrol.

ANDHREA AND THE BLACK CATS



12venres

INFANTIL

18.30 h Casa da Cultura. Fene.

CASTELAO, UN CORAZÓN Á INTEMPERIE

DANZA

20.00 h Teatro Jofre. Ferrol.

MARTÍN VARELA: REINVENTIO, NA PROCURA DA LUZ



LIBROS: PRESENTACIÓN

20.30 h Asociación A Piruchela. Neda.

CASTELAO INTEGRAL, DE INACIO VILARINO E IVÁN SUÁREZ

13sábado

EXPOSICIÓN

12.00 h Casa da Cultura. Fene.

HISTORIAS DE ICÍA E ABÓA, DE SABELA ARIAS CASTRO (INAUGURACIÓN)

INFANTIL

18.30 h CCRD de Perlío. Fene.

PAKOLAS E AS TRIPULANTES



MÚSICA

20.00 h Pazo da Cultura. Narón.

XABIER DÍAZ



MÚSICA

23.00 h Sala La Room. Ferrol.


PYTHIES

18xoves

INFANTIL

18.30 h Casa da Cultura. Fene.

CATRO



MÚSICA

20.00 h Pazo da Cultura.
Narón.

**MICHAEL JACKSON
HAPPY DAYS**

**MÚSICA**

20.30 h Auditorio. Ferrol.

**ORQUESTRA SINFÓNICA
DE GALICIA**

19venres**FESTIVAL DE NADAL**

17.00 h Casa da Cultura. Fene..

**ESCOLAS MUNICIPAIS DE
MÚSICA**

TEATRO

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

MÚSICA PARA HITLER

**20sábado****MÚSICA**

13.00 h Asociación A
Piruchela. Neda.

RAPOSA**INFANTIL**

18.00 h Pazo da Cultura.
Narón.

**OHANA: ¡EL MUSICAL
ORIGINAL DE LILO Y
STICH!**

**MÚSICA**

20.00 h ACRD O Pote de
Maniños. Fene.

FESTIVAL DE PAXOLIÑAS

MAXIA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

**JOSHUA KENNETH:
DEGUSTACIÓN DE
IMPOSIBLES**

**MÚSICA**

23.00 h Sala La Room. Ferrol.

RED HOUSE REVIVAL

21domingo**LIBROS: PRESENTACIÓN**

12.30 h Asociación A
Piruchela. Neda.

**O FAIDADO DAS
PAPOULAS, DE BAIA
FERNÁNDEZ**

MÚSICA

19.00 h Teatro Jofre. Ferrol.

CARLOS NÚÑEZ

23martes**MONÓLOGO**

20.00 h AVV San Xurxo de
Magalofes. Fene.

**AVELINO GONZÁLEZ:
CONTOS PARA CONTAR
CARTÓS**

**26venres****OBRADOIRO**

18.00 h Asociación A
Piruchela. Neda.

**DESEÑO DO APALPADOR,
CON LEANDRO LAMAS**

27sábado**MÚSICA**

13.00 h Asociación A
Piruchela. Neda.

OS HOMÍNIDOS

MÚSICA

19.30 h Pazo da Cultura.
Narón.

**CONCERTO DE FIN
DE ANO: ASOCIACIÓN
CULTURAL MUSICAL
SEMENTEIRA**

MÚSICA

20.30 h Teatro Jofre. Ferrol.

PATÁX**28domingo****INFANTIL**

12.00 h saída da Muchiqueira e
regreso á A Piruchela. Neda.

**PASARRÚAS DO
APALPADOR**

29luns**CINE EN VOS**

19.45 h Cines Dúplex. Ferrol.

EL APARTAMENTO

**MAXIA**

20.30 h Pazo da Cultura.
Narón.

GALICIAN MAGIC FEST

ai

**Nº 209
ANO XVIII**

EDITA:

ee edicións **embora**
www.edicionsembora.es

Rúa Galiano, 63-1º. 15402 FERROL.

T 981 35 53 53

info@edicionsembora.es

f @Ai

DIRECTOR:

Miguel Toval

DESEÑO/MAQUETA:

Jose A. Farinós

REDACIÓN E COLABORADORES:

Carmela Mor, Bea Rodríguez, Nicolás
Vidal, Kiko Delgado

DEPÓSITO LEGAL:

C 4370-2007

A información dos espectáculos, os seus horarios e o lugar de celebración dos actos facilitana directamente os organizadores dos mesmos. Edicións Embora declina calquera responsabilidade pola suspensión ou modificación de calquera tipo dos devanditos actos.



A Coruña y As Mariñas



Ferrolterra



Costa da Morte



Terras de Santiago



Ría de Muros e Noia



Ría de Arousa Norte

Provincia da Coruña

... seguramente, a mellor opción

